Andaima polos Camiños de Pedra

Saín de Lugo:
Nevra mesta.
Guitiriz:
O sol.
Vilariño dos cregos.
Casa do poeta:
José María Díaz Castro.
Unha raiola de luz
peta na porta pecha,
peta nas fiestras rotas;
choca contra a silleria
das paredes,
entra polo medio
das lousas do teito.

A caminata comenza
pisando a primeira ruta da pedra.
O camiño estreito
alfombrado de follas
que ruxen ó pisalas.
Glub, glub,
canta a auga brincando
á veira do camiño.

Árbores, árbores, árbores:
Carballos, castaños, bidueiros.

Un cabalo galopa
num prado verde.

Os toxos e as xestas floridas
amarillean.
Os toxos e as xestas
impregnan o ar
dise aroma ancestral,
dulzón,
¡tan galego!

¡Deus, oio ó cuco!
é a primeira vez
ista primavera.

Os valados
de coios case redondos
vestidos de musgo verde.

Segunda ruta da pedra
O camiño agora
cuberto de herba verde.
Os dentes de leóm,
con cada pegada
botam esporas ó vento.
Nos prados vense
pequenas teas de arañas
brillando co resío

Chían os paxaros
alegrando a maña.
As sombras das árbores
deitanse nos prados
húmidos e verdecentes.

Cuquea o cuco;
o cuco cuquea,
e os grilos
abanean os élitros;
e un corvo di:
"estou eiquí."

As mazaizas,
floriñas brancas,
pétalos de neve,
voan bailando
ó son que marca Eolo:
maiminho, maiminho.

Chían e chían ledos
os paxariños

A xente, ringleira longa,
coma unha procesión:
procesión dos caladiños;
pois ista é unha viaxe
silenciosa, de meditación:
Cada quen consigo mesmo.

E agora o camiño
enchóupase de auga.
Por unha veiza
un regato canta
mecendo a auga primaveral.
Do outro lado
unha terra pantanosa,
ateigada de flores marelas,
loce tamén espadanas.

E brincando
de pedra en pedra,
co corazón levitando
pasamos:
pasamos os caladiños.
E non moi lonxe
as campás dunha iglesia
chaman a Misa

E transfórmome
nun paxaro.
E don en voar alto.
E pósome nunha nube.
E chío contento e feliz.
E eu, paxariño, penso:
¡Qué fermosa se ve dende o ceo
a ruta de pedra do poeta quitiriceuse
José Díaz Castro!

Dolores Guerrero

23-04-2017